



A Coruña, 10 de xaneiro de 2023.

**Resolución do Xuíz Único da Federación Galega de Natación**

**ASUNTO: ACTA N°3 TEMP 2022-23**

**Equipos participantes: CW Santiago C- CW Pontevedra B**

**Competición: Liga Galega Waterpolo Segunda División.**

**Data de celebración: 17/12/2022.**

**FEITOS**

- O día 22 de decembro foi remitido pola Secretaria da FEGAN a este Xuíz acta e anexo adxunto asinado polos árbitros do encontro no que se recolle:

*"No minuto 1:15 do 4º período amoéstase con expulsión definitiva, con substitución disciplinaria ao xogador visitante M. Paz Núñez con N° de licenza 1025756 por: tras ser expulsado un compañeiro, e co xogo parado por un tempo morto local, dirixirse ao seu banquillo protestando airadamente a decisión arbitral. "*

- O día 22 de outubro deuse trámite de audiencia aos interesados polo prazo de dous días hábiles inmediatamente seguintes á comisión dos feitos (art.22.2 Libro III Rex Discipl. FEGAN), sen que ningunha alegación fora presentada dentro do citado prazo.

**CONSIDERANDO**

- Que a redacción da acta arbitral goza dunha presunción de veracidade "iuris tantum" que non foi desvirtuada.
- Os feitos que motivan a expulsión definitiva como infracción leve do art. 7. I.1.a).

**RESOLVE**

- Sancionar a D. M. Paz Núñez con número de licenza 1025756 xogador do C. W. Pontevedra "B" cat. Segunda división masculina cun encontro de suspensión nesta categoría(art. 9.III.b).

Vista a presente resolución, esta será de aplicación inmediata independentemente da posibilidade de interpoñer recurso contra a mesma ante o Comité de Apelación, no prazo de dez días a partir da recepción da presente.

D. Miguel Dios Blanco  
Comité de Competición da FEGAN